

cooperación pobo a pobo



76

revista periódica · decembro 2021

**ACTIVISTAS POLA VIDA. UN CAMIÑO QUE NOS INTERPELA
DESABASTECIMIENTO
GOLPE Á DEMOCRACIA EN O SALVADOR**

SUMARIO

3 Desabastecemento



Varías das causas do desabastecemento son coxunturais, pero outras, como as ambientais, son estruturais e irresolubles. Por máis diñeiro que se invista, non conseguiremos crear prata ou gas novo na Terra

5 Golpe á democracia en O Salvador

7 Construamos territorios libres de violencias machistas!

9 Activistas pola vida. Un camiño que nos interpela



Grazas ás pontes que foi creando Entrepobos ao longo dos anos, é moi enriquecedora a diversidade de miradas das participantes: procedencias, ámbitos de intervención, diversidade de identidades culturais, pero tamén moitas cousas en común, son defensoras dos dereitos humanos dende unha perspectiva feminista, nas súas traxectorias teñen demostrado tenacidade e fortes conviccións nas súas accións feministas pese ás consecuencias

12 Perú, país perigoso para defensores/as de DDHH e ambientais

15 COP26: Un paso adiante, cara a onde?

18 DONA'M CINE. Cine, Feminismos e Resistenciass

Curtametraxes que transmiten as voces das mulleres a través da imaxe, cineastas aportando novas historias e diferentes prácticas de creación

EDITA
Entrepobos · Asociación declarada
de utilidade pública UP-78093-SD
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Esteva&Estévao

DEPÓSITO LEGAL
B-21094-89
Entrepobos non se identifica
necesariamente coas opinións
expresadas nos artigos do presente boletín

FOTO DA PORTADA
Liz Chicaje, defensora do Parque Nacional
Yaguas (Perú), gañadora do Premio
Goldman 2021
Foto: Premio Ambiental Goldman



AXÚDANOS A INCORPORAR A ENTREPOBOS NOVAS SOCIAS E SOCIOS

ASÓCIACHE E COLABORA ACTIVAMENTE Boletín de subscripción na contraportada

Necesitamos o teu apoio para crecer e seguir garantindo a nosa acción solidaria
con **AUTONOMÍA e INDEPENDENCIA**





ChipsTaiwan

Cadea de montaxe de microchips en Taiwan

Desabastecemento

Luis González Reyes

Ecoloxistas en Acción

Os últimos meses de 2021 estiveron atravesados por unha palabra: desabastecemento. Por exemplo, faltan chips (o que afecta a industrias como a dos móbiles ou a automoción) e materiais de construción (madeira, pinturas, aceiro)

Por faltar, empeza a haber carencia ata de bebidas alcohólicas. De maneira acoplada, aumenta o prezo de distintas mercadorías, como a electricidade. Esta situación ten detrás un incremento da demanda froito dunha certa reactivación económica, pero a chave está en analizar por que esa demanda non se está podendo cubrir. Para enxergar respostas necesitamos unha mirada multidimensional, pois o que estamos a vivir é o resultado de múltiples factores entrelazados.

Un dos elementos detrás do desabastecemento é o loxístico: despois do parón impulsado pola COVID-19, as cadeas de produción e distribución globais non son quen de poñerse en marcha de maneira automática. Necesitan tempo para restablecer o ritmo de transporte marítimo ou o funcionamento dos portos.

Súmase o modelo económico. Unha produción, sen almacenamento, e na que a especialización produtiva territorial é moi alta (por exemplo, a meirande parte dos chips do mundo fábrícanse en Taiwan), fai que o sistema sexa moi vulnerable. Ante o fallo dun nodo de produción mundial, como está sucedendo co de chips en Taiwan, non hai stock que poida soste durante un tempo a demanda ata que a produción se recupere. Tamén é parte do modelo económico un control oligopólico de moitos sectores, como o do transporte marítimo global ou o da produción eléctrica en España, que permite a estes actores usar a súa posición de forza. E unha fixación de prezos que depende en boa parte dos mercados financeiros, que adoitan ser amplificadores dos

prezos altos, por exemplo, de materias primas, pois fomentan procesos especulativos.

Ao modelo económico engádese a crise económica que se arrastra dende, alomenos, 2007, que impulsa un desinvestimento en diferentes sectores. Sen expectativa de beneficio clara, os capitalistas non invisten na economía produtiva e están desviando as súas procuras de lucro á financeira. O sector petroleiro ilustra ben este feito. A pesar de que cada vez custa máis extraer petróleo, pois está situado en lugares máis inaccesibles (en augas ultraprofundas, en rexións árticas ou embebido en rochas duras), as empresas, en lugar de estar aumentando o seu investimento, estano reducindo. A causa detrás disto é sinxela: simplemente non lles resulta rendible, como amosa a quebra en cadea de corporacións especializadas en dende 2020 ou o anuncio de petroleiras de tamaño medio como Repsol de que van abandonar o sector. Isto redonda nunha menor dispoñibilidade de bens mesmo cando sube a demanda, pois un campo petroleiro require anos para ser posto en funcionamento.

As decisións políticas tamén desempeñan un papel no proceso de desabastecemento. Deste xeito, o, combinado coas medidas de restrición migratoria, impulsaron a falta de camioneiros en Reino Unido, o que contribúe ao desabastecemento. Outro exemplo é como Rusia usa a súa posición de forza con Europa (é un dos nosos principais subministradores de gas) para gañar posicións na xeopolítica global.



Hai políticas de máis longo alento que tamén é necesario destacar, como as laborais. Tanto empresas como gobernos precarizaron ata o intolerable a vida de moitas persoas que, simplemente, abandonan os sectores onde as condicións de traballo son inadmisibles. Novamente, o sector dos camioneiros é un bo exemplo. E esta precarización non é consecuencia da avaricia dunhas poucas persoas (ou, alomenos, non só), senón que está relacionada cos procesos de desinvestimento e, en definitiva, coa crise estrutural do capitalismo. Como o noso sistema socioeconómico non consegue recuperar altas taxas de reprodución do capital, presiona os elos máis febles para intentalo. Dito doutro xeito, a precariedade laboral é unha política ata certo punto inevitable nunha coxuntura de debilidade das forzas populares nun sistema altamente competitivo e en crise que é cego a calquer outro imperativo que non sexa reproducir o capital.

Pero todo isto é insuficiente para comprender o que sucede se non sumamos a mirada ambiental. Vivimos nun planeta de recursos finitos e os límites de dispoñibilidade de distintos materiais xa os estamos acadando. Por exemplo, a extracción de prata, necesaria xunto a outros 40 elementos para a produción de móbiles, pois é un dos que integran os chips, está estancada dende hai anos como consecuencia dos límites de dispoñibilidade xeolóxica. O problema non se restrinxen á prata, senón que abarca o cadmio, o cobalto, o cromo, o cobre, o indio, o litio, o manganeso, o níquel, o chumbo, o platino, o teluro ou o zinc. Os impactos esténdense polo conxunto da economía, pois sen unha dispoñibilidade crecente destes elementos non se poden fabricar cada vez máis muiños eólicos, ordenadores, aceiro ou coches.

Non só faltan materiais, senón tamén enerxía. O aumento do prezo do gas é o principal vector que está facendo medrar os prezos da electricidade en España e noutros lugares de Europa. Os principais subministradores de gas á Unión Europea son Rusia e Arxelia e ámbolos dous países están atravesando unha situación similar: a súa capacidade extractiva deste combustible fósil está estancada dende hai anos. É máis, o seu consumo interno aumenta, o que fai que a súa posibilidade exportadora se resinta máis, o que tensiona os prezos á alza. E, sen cambiar de modelo, hai poucas opcións, pois o gas transpórtase mal por mar (é caro e podemos movelo en cantidades pequenas se as comparamos co consumo), o que exclúe como alternativa o gas estadounidense ou catari.

A situación do gas non é única dentro do panorama enerxético. A extracción de petróleo parece que chegou ao seu máximo en 2018 e isto é fundamental na articulación da economía global, pois arredor do 95% do transporte queima derivados do petróleo. É máis, este transporte depende sobre todo do diésel, que está en caída polo menos dende ese 2018. E podemos engadir o carbón, pois detrás dos apagóns na rede eléctrica chinesa está a súa dificultade para atopar este combustible en cantidades suficientes nas súas propias minas e nas internacionais. Por exemplo, levantou o veto que tiña á importación de carbón australiano, pero nin con esas consegue garantir unha produción eléctrica que evite cortes recorrentes.

O cambio climático tamén está contribuíndo á situación. Volvendo a Taiwan, principal produtor mundial de chips, alí o cambio climático está sendo un factor determinante na seca que sofre o país. Isto está afectando á produción de chips, pois Taiwan Semiconductor Manufacturing Company (TSMC), líder mundial desta industria, utiliza 156.000 toneladas de auga ao día na produción dos seus chips. E se non hai auga...



Alianza contra la Pobreza Energética

Mesmo a crise ecosistémica empuxou ao desabastecemento. Os problemas loxísticos como consecuencia da pandemia de COVID-19 relaciónanse coa perda de biodiversidade, pois hai unha ampla bibliografía científica que sinala que a ruptura dos equilibrios ecosistémicos é determinante na expansión de enfermidades zoonóticas (que proveñen doutros animais) que estamos vivindo nos últimos anos. Unha destas enfermidades, como sabemos, é a COVID-19 que, combinada cuns insuficientes servizos sanitarios e unha forte interconexión global, provocou unha pandemia que obrigou a ralentizar a economía entre o inverno de 2019 e o verán de 2021.

Varias das causas do desabastecemento son coxunturais, pero outras, como as ambientais, son estruturais e irresolubles. Por máis diñeiro que se invista, non conseguiremos crear prata ou gas novo na Terra. A esencia do desabastecemento é o choque dun sistema que necesita expandirse constantemente coa imposibilidade física e ecosistémica de soste esta expansión.

Por iso, no século XXI temos unha gran disxuntiva: manter un sistema que nos aboca a un desabastecemento, que será cada vez máis profundo e xerador de desigualdades, ou transformar radicalmente a nosa maneira de relacionarnos co resto da vida e entre as persoas. Esta segunda opción pasa por poñer en marcha políticas de decrecemento, localización e integración do metabolismo humano no funcionamento do metabolismo da vida (ou, dito doutro xeito, economías baseadas na agroecoloxía e non na industria ou os servizos). Tamén por trascender o capitalismo a través dunha desmercantilización e desalarización das nosas vidas. E todo iso debe realizarse con fortes medidas de redistribución da riqueza que nos permitan vivir a toda a poboación mundial dignamente de maneira auster. En definitiva, ter vidas plenas en harmonía co conxunto da vida sen tentar, enfermiza e continuamente, traspasar os límites do noso feroso planeta. En [Escenarios de traballo en la transición ecosocial 2020-2030](#) propoñemos ideas máis concretas de como facer esta grande transición para o noso territorio. 🧠🔗





Las Méridas - El Salvador

Destrozado da sede da organización feminista Las Méridas en San Salvador

Golpe á democracia en O Salvador

Movemento de Vítimas Afectados e Afectadas polo Cambio Climático

Dende os territorios e comunidades, no marco da nosa loita e incidencia e como expresións organizativas de base, campesiñas/os, pobos indíxenas, mulleres e ONGs, articuladas no MOVIAC denunciamos o difícil camiño social e político que leva O Salvador dende a chegada ao goberno de Nayib Bukele á presidencia do país

A difícil historia do pobo salvadoreño, cunha guerra de máis de 12 anos que deixou máis de 75 mil mortos, parecía que ía cambiar coa sinatura dos acordos de paz, xa que se lograra iniciar o lento camiño na construción dunha institucionalidade que permitira eventualmente acadar unha situación democrática con menos inxustiza social que a que se vivira en rexímenes militares anteriores.

Os avances en materia social sobre todo nos gobernos dos últimos 10 anos, fortalecendo accións como o exercicio da transparencia, os mecanismos desenvolvidos para o respecto aos dereitos das comunidades, o avance en empoderamento da muller e de sectores vulnerables e, sobre todo, a construción dunha institucionalidade que puidera servir de base para conducirnos cara a un país menos inxusto e máis solidario, víronse cada vez máis quebrantados.

Coa chegada de Nayib Bukele ao executivo, parece que todas as loitas gañadas caeron ao chan, as desviacións dictatoriais de Bukele quedaron en evidencia o 9 de febreiro de 2020, cando invadiu o congreso coa forza militar, para presionar a aprobación dun préstamo que non tiña fins nídios, despois para as eleccións de alcaldes e lexisladores en febreiro de 2021, impulsou unha campaña fraudulenta obstaculizando a

participación da oposición, auxiliouse en grupos fóra da lei para impedir o acceso doutros partidos aos territorios baixo control e apropiándose dos fondos que por lei se deben transferir aos municipios para a realización de obras, todo isto co obxecto de xerar descontento nas poboacións dos municipios e así favorecer os candidatos do seu novo partido *Nuevas Ideas*. Ademais, os poucos avances en materia ambiental que se lograran nos gobernos anteriores foron case totalmente eliminados polo actual goberno.

Os resultados foron como se esperaba, o seu partido logrou maioría no congreso e gobernos municipais. O 1 de maio de 2021, cando iniciou labores o novo congreso, procedeu a destituir o fiscal xeral da República e á Sala do Constitucional e a nomear nos devanditos postos a persoas da súa confianza, obviando os procesos establecidos legalmente para o cambio deses funcionarios.

En sesións posteriores procedeu a destituir a todos os xuíces maiores de 60 anos, o que constitúe unha terceira parte dos xuíces, e nomear a xuíces do seu partido, algúns deles mesmo acusados anteriormente de diversos delitos. Nun acto nunca visto anteriormente, a Sala do Constitucional Imposta procedeu a decretar que o presidente Bukele ten o dereito a poder reelixirse no cargo, a pesar de que a constitución





salvadorense expresamente o prohíbe. O seu partido *Nuevas Ideas* xa o está postulando para a reelección presidencial en 2024.

Un aspecto no cal se evidencia a ineptitude dos actuais gobernantes, é na disposición legal sobre a xestión do ben hídrico. A Asamblea Lexislativa, que se converteu en oficina ao servizo de Bukele, dixo que a proposta de lei xeral da auga que se viñera discutindo na lexislatura anterior ía ser enviada ao arquivo, porque non tiña nin media palabra en favor dos intereses da poboación e que eles ían presentar unha nova. Cando o Ministro do Ambiente actual levou a nova proposta á Asamblea, que se trataba de manter en segredo, pero que se filtrou unha versión que se fixo de coñecemento público, puidose constatar que non menos do 80% dos artigos da proposta proviñan da versión orixinal que presentara o Ministerio de Ambiente 10 anos atrás, o que en si non era malo, senón que o censurable foi dicirle á poboación que a proposta anterior non servía e que o goberno actual ía presentar unha nova.

A pesar da gran propaganda que fixo o goberno sobre que a nova lei da auga ía ser para beneficio da poboación e non para os empresarios privados, o xefe da bancada de *Nuevas Ideas* da Comisión de Medio Ambiente e Cambio Climático da Asamblea dixo que o límite posto para extracción de auga, que era de mil metros cúbicos diarios, fora escollido porque así llo aconsellaran os industriais, pero que só ían conceder un tempo máximo de 3 anos, con posibilidade de ser prorrogados, para que non fose parecer que era unha privatización. Un par de semanas despois o mesmo deputado dixo que había que estender o prazo a 15 anos, porque así o determinaban os bancos. Esta comisión propón ao pleno lexislativo leis sen estudos de ningún tipo e sen considerar problemáticas como o cambio climático podería afectar a dispoñibilidade da auga.

Por outra parte, coa pandemia de COVID-19, utilizáronse fondos públicos para repartir víveres a familias pobres, utilizando a maquinaria do seu partido e apoiándose no exército, ao que sempre deu todas as dádivas necesarias para contar co seu apoio. Tamén para manter a lealdade dos membros do seu gabinete e outros sectores, Bukele permitiulles accións de corrupción, tal é o caso que o goberno de EE.UU. publicou a listaxe Engels, onde inclúe varios nomes do seu gabinete incluíndo os membros da Sala do Constitucional da Corte Suprema de Xustiza. Para desviar a atención Bukele dedicouse a perseguir adversarios políticos e a

meter no cárcere a anteriores funcionarios públicos, acusándoos de delitos non probados xudicialmente. Ao mesmo tempo, mantivo un constante fustrigamento a case todos os medios de prensa, por non ser afíns á súa conduta, cancelou programas de entrevista realizados en medios independentes e acusou falsamente a líderes e lideresas sociais e académicos que se atreveron a denunciar as súas inxustizas e violacións dos dereitos.

A situación seguiu de mal en peor, porén, un grupo de organizacións convocamos unha marcha o 15 de setembro pasado e a resposta foi inesperada, miles e miles de persoas de todos os credos políticos e sociais participaron como non se vira dende a sinatura dos acordos de paz. Bukele enviou persoas a realizar actos vandálicos utilizando os mesmos vehículos que usaran para repartir víveres en ocasións anteriores. Despois, o 17 de outubro convocouse outra marcha e o goberno despregou membros da policía nacional e do exército para deter todos os vehículos que mobilizaban os e as participantes e ameazaban a motoristas e aos ocupantes, algúns resistíronse e bloquearon as rúas onde foron detidos, outros foron obrigados a regresar. Unha das nosas organizacións foi detida en 5 reténs antes de chegar a San Salvador.

O goberno actual presidido por Nayib Bukele está destruindo a institucionalidade que puidera ter servido de base para a construción dun país democrático, está decidido a converterse en gobernante vitalicio, a súa ambición non ten límites e faino dicir e facer moitas accións incoherentes, isto está xerando o espertar da poboación e estase forxando un proceso de mobilización e resistencia contra as diferentes medidas sociais, económicas, ambientais e políticas, e albíscase a esperanza na poboación que decidiu non permitir o abuso e está tomando as rúas, todas as semanas realízanse marchas puntuais exixindo o cesamento da diversidade de accións de falta de respecto e atropelo aos dereitos humanos.

Finalmente, esperamos que a destrución da nosa institucionalidade non pase desapercibida pola comunidade internacional, facemos un chamamento a todos os gobernos e forzas progresistas do mundo, a utilizar os medios diplomáticos ao seu alcance para exixir ao goberno de Bukele respectar as leis e a institucionalidade salvadoreña, a manexar con honestidade e transparencia a res publica, garantir a libre expresión e non violar os dereitos humanos da poboación. 🙏



Construamos territorios libres de violencias machistas!

Voces dende Cataluña,
o Estado Español e América Latina



Kenia Castaldo, Montse Benito

Comisión de Feminismos Entrepobos

Os días 14, 15 e 16 de outubro atopámonos no Espai Jove La Fontana, en Barcelona, para os Encontros internacionais feministas: Construamos territorios libres de violencias machistas!

Despois dun arduo traballo, Entrepobos e a Cooperativa Cúrcuma abrimos un diálogo entre voces feministas de Catalunya, o Estado Español e América Latina. Puxemos todas as nosas enerxías para construír un diálogo interseccional e interconectado co obxectivo de compartir estratexias, debates e retos en torno ás violencias machistas con compañeiras feministas do Sur e Norte Global, de maneira presencial e virtual.

Durante os tres días de xornadas inscribíronse máis de 300 persoas para participar de maneira presencial e virtual nos encontros. E a presenza de poñentes dende Uruguai, Perú, Nicaragua e diferentes partes do Estado Español fixo que o intercambio e o diálogo foran aínda máis enriquecedores. Todo o noso máis sincero agradecemento por tanta complicidade.

A mesa inaugural do xoves 14 de outubro, coa presenza de compañeiras de Perú, Nicaragua e Cataluña, puxo o foco nas violencias sexuais na mocidade e na adolescencia: Fagamos fronte ás violencias sexuais en mozos e adolescentes: respostas e retos dende diferentes ámbitos e xeografías.

Inauguramos as xornadas con esta temática co obxectivo de dar continuidade ao traballo coa xente máis nova que levamos realizando en Perú durante máis de 4 anos coas compañeiras de DEMUS e Kalpa e en colaboración con organizacións do Estado Español, e no marco da campaña de comunicación *DALE DLT*, unha campaña de sensibilización sobre as violencias sexuais no ámbito dixital orientada á mocidade entre 17 e 22 anos de toda España e que, dende Entrepobos en colaboración con ALETI e Enraiza Derechos, levamos preparando durante o último ano e que verá a luz a final de ano.

Obxectivos da mesa:

- Visibilizar as violencias sexuais que viven mozos e adolescentes en diferentes espazos: XXSS, universidades, espazos de ocio, etc.
- Aprender das experiencias das mozas e adolescentes ante as violencias sexuais dende diferentes xeografías.
- Compartir estratexias dende diferentes ámbitos e espazos para dar resposta ás violencias sexuais en mozos e adolescentes.
- Identificar os principais retos para dar resposta ás violencias sexuais en mozos e adolescentes en diferentes contextos.





A segunda mesa, do día venres 15 de outubro, puxo o foco nas retiradas de custodias, a violencia institucional e o falso SAP: Maternidades cuestionadas e retirada de custodias: violencia institucional, racismo e falso SAP.

Hai tres anos as compañeiras de *Cotidiano Mujer* de Uruguai coas que temos unha relación de hai tempo, pedíronnos apoio para o acompañamento do caso de María, vinculado á retirada da custodia da súa filla. Nese momento querían facer un seminario para visibilizar esta problemática que afectaba a moitas nais, especialmente migrantes. Naquel momento non coñecíamos moito o tema e tampouco a rede organizada para impulsalo conxuntamente. As cousas cambiaron moito, hai unha rede de nais afectadas que foron quen de autoorganizarse e poñer na axenda política e na axenda do feminismo este tema, e que estaban presentes nesta mesa.

Obxectivos da mesa:

- Visibilizar toda a violencia institucional en forma de maternidades cuestionadas e retirada de custodias.
- Identificar mecanismos legais patriarcais que xustifican e reproducen as violencias.
- Identificar o racismo institucional que cuestiona sistematicamente as maternidades racializadas.
- Compartir estratexias dende diferentes ámbitos nacionais e internacionais para loitar contra a retirada de custodias en base racista e / ou machista: e ver posibilidades de construción de redes e outros instrumentos.

E a terceira e última mesa, puxo o foco nos principais retos

e debates en torno ás violencias machistas dende as entidades e colectivos feministas tanto no Norte como no Sur Global: Reflexións arredor das violencias machistas a través de diversas voces feministas dende Cataluña, o Estado Español e América Latina.

Grazas ás pontes que foi creando Entrepobos ao longo dos anos, é moi enriquecedora a diversidade de miradas das participantes: procedencias, ámbitos de intervención, diversidade de identidades culturais, pero tamén moitas cousas en común, son defensoras dos dereitos humanos dende unha perspectiva feminista, nas súas traxectorias teñen demostrado tenacidade e fortes conviccións nas súas accións feministas pese ás consecuencias.

Obxectivos da mesa:

- Identificar os principais retos globais dos feminismos en relación coas múltiples formas que toman as violencias machistas.
- Adaptar estes retos aos diferentes contextos locais das participantes, tanto de España como de América Latina.
- Analizar as diferentes formas que toman as violencias en cada un dos contextos para identificar características e dinámicas comúns.

As xornadas foron posible grazas á complicidade colectiva e esforzo mutuo do equipo motor das xornadas, as conferenciantes e as participantes. As xornadas foron financiadas pola Axencia Catalá de Cooperación Internacional da Generalitat de Catalunya e da Axencia Española de Cooperación ao Desenvolvemento.

Se estades interesadas en volver visionar as mesas redondas, podédelas atopar no Youtube de Entrepobos. 📺




Activistas pola vida. Un camiño que nos interpela Queres formar parte desta historia?

Kenia Castaldo, Montse Carrillo

Área de Educación de Entrepobos

A exposición fotográfica “Activistas pola vida”, realizada polo fotoperiodista Gervasio Sánchez, que ten posto a súa ollada e a súa cámara, documenta as historias de mulleres e homes, defensoras dos dereitos humanos, do territorio e dos bens naturais

www.activistasporlavid.org



Activistas pola vida” traiza un camiño para a creación de varios materiais para a incidencia política e social, a sensibilización e a educación para o cambio social arredor da defensa dos dereitos humanos e a situación crítica na que desenvolven o seu activismo as defensoras e defensores, en contextos marcados por todo tipo de violencias impunes, unha presión abafante sobre o territorio e as comunidades por parte do extractivismo, e estados capturados polas corporacións e o crime organizado.

Os materiais de “Activistas pola Vida”, despregados en formatos audiovisuais, comunicativos e didácticos artículanse entre si para tender unha ponte de solidariedade coas persoas defensoras e as súas comunidades.

■ A web: un instrumento para a incidencia social e a sensibilización

A web de Activistas pola Vida, dispoñible en castelán → www.activistasporlavid.org e en catalán → www.activistesperlavid.cat, fai un repaso pola historia de Centroamérica, de Honduras e Guatemala, denuncia o papel das grandes empresas (hidroeléctricas, mineiras, cimenteiras etc.) europeas e estadounidenses na vulneración de dereitos humanos nos países do Sur Global, resalta a importancia dos colectivos, movementos sociais e entidades locais que deixan as súas vidas para defender o territorio, os ríos, o corpo ou a memoria histórica, e achéganos á vida das defensoras e defensores e ponlles nomes e apelidos.

■ A unidade didáctica: educando para a transformación social

A unidade didáctica “Activistas pola Vida”, que sairá á luz a finais de ano, é un proxecto interdisciplinar sobre o papel na protección dos Dereitos Humanos e Ambientais das defensoras e defensores en Centroamérica, e a criminalización que afrontan por iso, que ten como obxectivo integrar nos currículos de secundaria o estudo da vulneración de dereitos humanos, tanto no Norte Global como no Sur Global, poñendo a énfase nas voces e experiencias das defensoras co obxectivo de contribuir á protección e ao fortalecemento das súas estruturas comunitarias.

A unidade didáctica baséase nunha proposta educativa, elaborada conxuntamente por Alex Egea, profesor da UB e parte do equipo de “La Periférica”, e Gustavo Castro, defensor ambiental e pedagogo mexicano, ideada para aproximar a complexidade do coñecemento e da realidade dos Dereitos Humanos en Guatemala e Honduras ás aulas de secundaria, así como fomentar a adquisición de actitudes de defensa e promoción de ditos dereitos nos diferentes contextos e ámbitos de vida do alumnado.

En “Activistas pola vida” vemos diversas comunidades indíxenas e campesiñas que se plantan nos seus territorios fronte a poderosos intereses e conseguen en moitos casos protexelos. Defendendo a natureza e defendendo a toda a humanidade.



Vemos tamén as mulleres xogando un papel decisivo nestas resistencias a pesar de todo tipo de fustrigamentos patriarcais. Vemos comunidades definindo os seus proxectos de vida, baseados nas cosmovisións ancestrais, na soberanía alimentaria, a agroecoloxía, a economía social, a autoxestión territorial, o feminismo comunitario...

Neste mundo social e ecoloxicamente interconectado, cada agresión a unha persoa defensora, cada extinción dunha nova especie, cada hectárea de bosque incendiado, cada río secuestrado, sexa onde for, aféctanos cada vez máis directamente.

Agora que nos países industrializados esperta a **conciencia sobre a emerxencia climática e ecolóxica**, e se cuestiona o modelo de crecemento material ilimitado como base do benestar, as activistas e as organizacións do sur que acompañamos, **convídannos a responder conxuntamente á cadea transnacional do extractivismo.**

COMO PODEMOS FORMAR PARTE DENDE AQUÍ DA LOITA POLA NATUREZA GLOBAL?

É o momento de construír unha cadea global de solidariedade para protexer a vida, participando aquí nun grupo de apoio formado por activistas que acompañen as comunidades que defenden os seus territorios, as súas culturas e a natureza.

Enlazaremos enerxías e accións entre activistas para acompañar casos de comunidades que sofren acoso, criminalización e violencias por defender os seus territorios, e que son apoiadas por organizacións locais coas que Entrepobos colabora:

- as comunidades de Cahabon (Guatemala) na loita pola recuperación das súas terras ancestrais, fronte á construción de proxectos hidroeléctricos [acompañadas pola organización guatemalteca Madreselva];
- as comunidades de Río Blanco (Honduras) na defensa do río fronte á construción dunha presa e unha hidroeléctrica [acompañadas polo Consello Cívico de Organizacións Populares e Indíxenas de Honduras, COPINH];
- as comunidades de Espinar (Perú) en relación coa ampliación e consecuencias de explotacións mineiras, especialmente os impactos medioambientais e na saúde humana, conflito e criminalización da protesta [acompañadas por Dereitos Humanos Sen Fronteiras Cusco, DHSF e Cooperación].

Os grupos de apoio de Entrepobos construiremos unha cadea de solidariedade global coas defensoras e as súas comunidades a través de diversas accións a desenvolver:

- Incidencia, para que as institucións nacionais e internacionais non se desentendan da obriga de protexer a vida por riba de todo.
- Comunicación e presión para que as empresas e fondos de investimento multinacionais europeas para que rexeiten o acoso, o uso da violencia e o asasinato como recursos válidos no investimento empresarial.
- Apoio a legais, sociais, de difusión, etc. que estas comunidades emprenden para defender o seu territorio. 🗨️

Marcela Chacach, lideresa cakchiquel en Loma Alta, San Juan Sacatepéquez, Guatemala

*Esta loita non é dunha persoa,
senón de todas as que respiramos
e queremos coidar do noso planeta*

Teresa Reyes

activista hondureña de OFRANEH



ACTÍVATE CON ENTREPOBOS!

Agora a continuidade desta historia está
tamén nas túas mans... Queres participar?

**Se queres formar parte destes
grupos de activistas ou queres máis**

información, escríbenos a:

coordinacion@entrepueblos.org



Perú, país perigoso para defensores/as de DDHH e ambientais

Mauro Mazzacani

Entrepobos Perú

Perú é un país perigoso para a defensa dos dereitos humanos e ambientais. Durante o periodo máis duro da pandemia, as voces das e dos defensores foron silenciadas e agora volven máis fortes ca nunca

O reto de acompañar e visibilizar as súas loitas pola vida, o coidado dos bens comúns e as soberanías levounos a lanzar, cun conxunto a cada máis grande de organizacións aliadas, a campaña **#ProtegeAQuienes NosProtegen**.

A SITUACIÓN DAS PERSOAS DEFENSORAS EN PERÚ

Segundo denuncia a Coordinadora Nacional de Dereitos Humanos, 220 persoas defensoras foron asasinadas dende o 2011. En plena pandemia global, entre 2020 e 2021 morreron asasinados 10 defensores ambientais, o 70% na Amazonía, colocando a Perú no noveno lugar na listaxe dos países que rexistran o maior número de asasinatos de defensores/as ambientais do mundo (Global Witness, 2021).

Os asasinatos son sicarios ligados ao narcotráfico, á tala e á mineiría ilegal. Detrás deles hai unha zona gris, densa de intereses económicos legais e ilegais e poboada por un Estado ausente, un cartel de medios nacionais e locais que estigmatiza a defensa dos territorios, empresas transnacionais que abren o camiño a actores criminais para estender as fronteiras dos extractivismos en territorios considerados intanxibles.

Outro elemento de risco para as e os defensores é a criminalización da protes-

ta social, a través da xudicialización e do uso excesivo da forza por parte da policía nacional.

Na actualidade, máis de 900 persoas defensoras (102 mulleres) enfrontan procesos penais arbitrarios a nivel nacional, por ter exercido o seu dereito á protesta nun escenario de conflitividade social. Máis do 95% destes procesos conclúen con arquivamentos ou absolucións pola súa total falla de fundamento. Teñen unha duración promedia de cinco anos, e xeran consecuencias devastadoras a nivel organizativo, emocional, familiar, económico.

Nos últimos 20 anos, 160 civís perderon a vida a mans das forzas da orde en contexto de protesta social, o 70% dos cales defendían o medio ambiente e os dereitos dos pobos indíxenas. As forzas da orde son as principais responsables destas vítimas en escenarios de protesta social, seguidas de policías que traballan para empresas de seguridade mineiras e sicarios vinculados a grupos empresariais.

En setembro de 2021 os conflitos sociais no país son 198 (Defensoría do Pobo, 2021), principalmente de raíz socioambiental. O 80% destes conflitos concéntrase en 8 rexións con presenza de mega-proxectos extractivos: Loreto, Cusco, Áncash, Puno, Apurímac, Piura, Ayacucho, Cajamarca. Nos territorios en disputa verificáanse



asasinatos, ameazas de morte e violencia física, violencia sexual, criminalización da protesta, restrición das liberdades e campañas de difamación a defensores/as. As persoas defensoras son obxecto de campañas de estigmatización en medios de comunicación, as mulleres son especialmente golpeadas por estas formas de fustramento.

IMPACTO DA PANDEMIA NA DEFENSA DOS TERRITORIOS

A pandemia de COVID-19 golpeou con forza as comunidades indíxenas e orixinarias. Se ben as comunidades teñen demostrado unha capacidade organizativa que é quen, en moitos casos, de frear a incidencia da enfermidade, as consecuencias económicas e sociais das medidas de illamento foron devastadoras para familias e organizacións sociais.

Moitas comunidades pecharon as vías de acceso para protexerse do contaxio. En 2020, a corentena coincidiu coa tempada de colleita (papa, quinua, café, etc.), obrigando as familias a vender a prezo de custo para non desbotar a súa produción, situación aproveitada polos intermediarios. En 2021, os prezos dos insumos agrícolas seguiron a medrar, así como as débedas das familias campesiñas.

O ensino é a distancia dende o mes de marzo de 2019, sen un só día de presencialidade en 20 meses. Isto tivo un efecto de sobrecarga en termos de coidados – e de saúde mental de nenas/os e coidadoras – que recae principalmente nas mulleres.

É así como a capacidade de activismo e vixilancia das organizacións sociais tense visto gravemente afectada, mentres que a grande mineiría, declarada dende un comezo como actividade esencial, seguiu operando e ata levando o contaxio ás comunidades pechadas, a través dos seus traballadores.

As transnacionais extractivas aproveitaron as dificultades económicas, negociando a venda de terreos a prezos rebaixados. Por outro lado, o Estado implementou procesos de consulta previos aos proxectos mineiros en modalidade virtual, rexeitados e denunciados polas organizacións de dereitos humanos por carecer de pertinencia cultural e por non garantir o acceso dos pobos indíxenas e orixinarios ao seu dereito á consulta pola fenda tecnolóxica.

CRISE POLÍTICA E OPORTUNIDADES

A crise política e de gobernabilidade no país é permanente. O presidente Kuczynski, elixido en 2016, renunciou en 2018 despois de que se fixera pública a súa negociación coa familia Fujimori para indultar o ditador. Martin Vizcarra asumiu o cargo en 2018, disolveu o Congreso en 2019 e foi destituído por “incapacidade moral” por parte do Congreso en 2020. Sucesivamente, o goberno de Manuel



Merino durou 5 días, fronte ás masivas protestas da poboación polo que se considerou un golpe institucional. A brutal represión das marchas produciu as mortes de Inti Sotelo e Brian Pintado, mozos de 22 e 24 anos.

Nas eleccións xerais do 2021, o descontento social da serra e da selva do país e a desconfianza cara a argola política limeña, levaron a un docente, sindicalista e *rondero* Cajamarquino á presidencia de Perú. A inédita elección de Pedro Castillo, sen dúbida moi potente en termos simbólicos, conleva posibilidades e riscos ao vir acompañada dunha estrutura ideolóxica complexa, de loitas internas e de posturas conservadoras e dogmáticas en tema de dereitos económicos, sociais e culturais, a partir da falla de claridade no compromiso coa axenda feminista, entre outros aspectos.

As boas noticias veñen da presenza no Goberno e no Congreso de mulleres cunha gran traxectoria nas loitas polos dereitos humanos. Algo co que nunca nos hubéramos atrevido a soñar hai uns meses: Mirtha Vázquez, compañeira de Grufides, avogada de Máxima Acuña na súa loita contra a mineira Yanacocha en Cajamarca, foi designada presidenta do Consello de Ministros o 6 de outubro de 2021, cunha tarefa sen dúbida moi difícil por diante. Outras aliadas potenciais do movemento, polo seu compromiso histórico, están en postos chave do Ministerio de Cultura e no Congreso.

Estes nomeamentos, sen ser garantía de nada, dan alento ás e aos defensores no país. Varios procesos de incidencia que acompañamos coas nosas contrapartes véñense materializando,





despois de anos de traballo, en forma de leis e proxectos de lei, que necesitan dun último e decidido empuxón para transformarse en políticas públicas eficaces na protección de dereitos humanos: o Mecanismo Intersectorial de Protección de Persoas Defensoras, a Política de Atención Integral a Afectados e Afectadas por Metais Tóxicos, a ratificación do Acordo de Escazú sobre os dereitos de acceso á información, participación pública e xustiza en asuntos ambientais. As políticas públicas, sen ser unha panacea, son un marco necesario de cara á esixencia de dereitos e á construción de alternativas e autonomías fronte a relacións de poder tan tremendamente desiguais nos territorios.

DE VOLTA ÁS RÚAS, A DEFENDER A VIDA

As e os defensores, que mesmo no período máis duro da pandemia seguiron loitando nos seus territorios, nos últimos meses volveron juntarse para tecer accións e procesos que, dende o profundo da Amazonía ata o alto dos Andes, relanzan coñecementos, formas organizativas, de ser e estar dentro dos territorios colectivos, para afirmar e defender o dereito a outra vida, a un futuro distinto ao de zonas de sacrificio do sistema capitalista transnacional.

En maio deste ano reunímonos con Cooperacción e Red Muqui, aliadas nun proxecto da Unión Europea, pensando en como acompañar a volta ás rúas das e dos defensores. Xurdiu a idea dunha campaña construída dende abaixo, de menos a máis, que amplifique o son dos seus pasos e permita escoitar mellor as súas voces. Invitamos Grufides, de Cajamarca, e Dereitos Humanos Sen Fronteiras, de Cusco, a sumarse á iniciativa. Pouco a pouco a alianza tomou forza e agora o grupo impulsor da campaña está integrado por 11 organizacións de defensa de dereitos humanos e de solidariedade internacional que traballan xuntas máis alá de lóxicas competitivas e de visibilidade. Varias outras están prestas a sumarse.

A campaña Defensoras e Defensores de Perú **#ProtegeAquienesNosProtegen**, lanzouse en Lima o pasado 27 de outubro, cunha concentración (mobilización) cultural fronte ao Ministerio de Xustiza. Defensoras e defensores de Apurímac, Arequipa, Amazonas, Cajamarca, Cusco e Lima deron a coñecer as vulneracións que sofren nos seus territorios, esixindo xustiza, o fin da criminalización e protección efectiva fronte aos asasinatos e ameazas de grupos ligados á actividade mineira legal e ilegal.

Esta acción foi precedida dun encontro en Cusco e doutro en Lima, nos que as e os defensores consensuaron as demandas e

elixiron as súas voceiras e voceiros. Nas redes sociais movéronse produtos comunicacionais a xeito de intriga, para preparar o lanzamento da campaña. En paralelo ao evento de Lima realizáronse encontros nos territorios, murais, difusión de afiches e de spots radiados.

No encontro nacional participaron, a título de exemplo: Juana Francisca –en representación das e dos afectados por mercurio de Choropampa; Oscar e Rodolfo– dirixentes criminalizados nas protestas en contra dos abusos de proxectos mineiros en Espinar e en Cotabambas; Augustina –ameazada por mineiros ilegais no Cenepa; Juan Miguel e Hermelinda– que loitan pola defensa da agricultura ameazada pola mineiría no Val do Tambo, Elsa e Esmeralda –da Asociación de Mulleres defensoras do territorio e a cultura K’ana de Espinar, entre outras. As e os defensores celebraron reunións con altos cargos do Ministerio de Xustiza e con congresistas para dialogar arredor das súas propostas e demandas e realizaron entrevistas nos principais medios de comunicación nacional, que deron máis cobertura á acción da que teríamos esperado.

A avaliación colectiva dos primeiros pasos da campaña é positiva: O protagonismo das e dos compañeiros dende os territorios foi moi forte, dende a construción de contidos e estratexias, a portavocía en medios e accións directas, ata a validación de gráficas e mensaxes de comunicación. Isto é algo que hai que manter a toda costa, aínda que o impacto da campaña vaia escalando de nivel. O interese, a cobertura e as reaccións de actores políticos, institucións nacionais e internacionais, xornalistas e influencers confirma que imos na dirección correcta. A articulación e coordinación entre as áreas de comunicación e incidencia das organizacións nacionais foi un éxito, froito dun gran esforzo polo que felicitamos a todos, empezando por CooperAcción e Red Muqui que lideraron a acción.

A campaña seguirá por todo o 2022. Os retos de curto e medio prazo son múltiples: manter a atención da opinión pública á altura da expectativa xerada significa manter un traballo constante, con picos en datas simbólicas e momentos chave da coxuntura social e política. Para o 10 de decembro, Día dos Dereitos Humanos, realizaranse accións colectivas dende os territorios, ademais reforzarse a presenza en redes e medios. Os e as defensoras decidiron promover un Encontro Nacional de Defensores e Defensoras Andinos e Amazónicos para marzo de 2022. Na ruta cara a ese encontro realizaranse varios encontros rexionais para consensuar propostas e apostas de traballo.

Será moi importante, nos seguintes meses, visibilizar os procesos de construción de alternativas, autonomías, propostas de vida que impulsan e defenden as e os defensores. É necesario fiar unha narrativa que conecte os procesos territoriais e as loitas dos pobos indíxenas e orixinarios coas múltiples crises e o colapso sistémico que estamos vivindo a nivel global, formulando non unha nova normalidade, senón novas e atrevidas anormalidades, para camiñar cara a unha sociabilidade creativa, cuestionadora e solidaria. Para iso articularemos a campaña con plataformas e espazos de diálogo a nivel internacional.

Podes atopar os testemuños, vídeos, entrevistas e gráficas deste inicio de campaña nas páxinas Facebook e Instagram de **Defensoras e Defensores de Perú** e a través do hashtag **#ProtegeAquienesNosProtegen**. Tamén che pedimos respaldar as e os defensores difundindo, comentando, viralizando os contidos que che gusten. Tomando prestado un lema da campaña: ...*Fagamos bulla* (ruído). **EXIXE! EXIXAMOS!** 🗣️



Un paso adiante, cara a onde?

COP26 e a cooperación pola xustiza climática global



Àlex Guillamón

Entrepobos Barcelona

Procrastinación: acción ou hábito de deixar para máis adiante accións ou actividades que deben atenderse por outras máis irrelevantes e agradables. O acto que se pospón pode ser percibido como abrumador, desafiante, inquietante, perigoso, difícil, é dicir, estresante, polo que se auto xustifica pospoñéndoo a un futuro 'sine die' idealizado.

Terédolo oído e lido unha vez máis despois de Glasgow: “acordo agradoce”, “compromiso imperfecto”, “pequeno paso adiante”, “vitoria feble”, “medio vaso cheo”, “avance insuficiente”, “moderada satisfacción”. Se algo produciron as COP ao longo destas tres décadas é unha desbordante riada de eufemismos para disimular unha impotencia reiterada. Titúlábao moi graficamente Pablo Rivas en el Salto: “Aprenda a escribir combustibles fósiles en só 27 anos”.

Pero os pobos que xa sofren plenamente a emerxencia climática non están de humor para eufemismos:

- Saleemul Huq, do Center for Climate Change and Development de Bangladesh, declaraba na saída: “É un **fracaso infame** porque non se foi quen de afrontar a cuestión de perdas e danos [...]. Os países pobres viñemos aquí por iso. E déusenos unha **labazada**”.
- “Países desenvolvidos tratando de crear novas regras dun xogo ao que só eles teñen recursos para xogar”, definía o voceiro de Bolivia.
- Yvonne Yáñez de Acción Ecolóxica de Ecuador: “A COP26 foi unha farsa; un espazo de negocio. As organizacións do sur, do *People's Summit*, denunciámos que [...] todos os proxectos que inclúen mecanismos que son compensacións de carbono baseadas na natureza, é dicir, na plantación de enor-

mes extensións forestais, son programas racistas e coloniais”.

UN COMPROMISO NON VINCULANTE É UN NON COMPROMISO

O primeiro e máis importante que debe terse claro –e acotío esquecese interesadamente na comunicación das COP– é que todo o tempo estamos a falar de acordos voluntarios. Nunca se chegou, nin se propuxo en serio chegar a ningún acordo vinculante. E os que traballamos dende hai tempo na cooperación internacional, temos aprendido longa e amargamente que os **compromisos voluntarios, son, a efectos reais “non-compromisos”**.

Sen ir máis lonxe un bo exemplo de “non-compromiso” ofrécenolo a posición do Goberno español co tema da redución de emisións. España vai en cabeza no proceso que levou a Unión Europea a un obxectivo de redución do 55% das emisións en 2030 (respecto á de 2010), liderando o proceso en contra das reticencias doutros países. España acaba de participar e asinar o acordo de COP26 cun obxectivo de redución global do 45%. Porén, todo isto está a ser perfectamente compatible con que a Lei do Clima española, recentemente aprobada a proposta do propio Goberno español, non fora máis alá do 23%. E é que cos acordos e as resolucións pódese ser espléndido, as leis xa son algo máis serio.



O FINANCIAMENTO DA XUSTIZA CLIMÁTICA GLOBAL

Unha das reivindicacións dende o primeiro momento máis insistentes do Sur Global nas COP foi a **dunha xustiza climática que recoñeza o gran desequilibrio nas responsabilidades e beneficios polas emisións historicamente acumuladas** por uns e outros países.

Finalmente, en Copenhague 2009 –aínda que nese momento a ONU valoraba en 600.000 millóns de dólares o fondo que realmente faría falla para reparar minimamente esta “débeda climática”–, logrouse unha desas “vitorias fráxiles”: a creación dun fondo de 100.000 millóns de dólares (86.000 euros). Iso si..., a partir de 2020. En París 2015 ratificouse o “non-compromiso” de Copenhague..., pero para pasalo en 2025. E agora en Glasgow, á luz da evidencia de que, segundo a ONU, só había compromisos por valor de 78.000 dólares, tocaba esclarecer os métodos de cómputo e a definición destas axudas, para garantir a súa aplicación.

Ao final, os novos “pasos adiante” da COP26 quedaron en... “instar” a duplicar os compromisos actuais en axudas materia de adaptación a partir de 2025 e “aumentar significativamente” o apoio aos países en desenvolvemento; sen máis concrecións.

Pero, tan importante como as cantidades, son os termos cualitativos. Segundo informes de [OXFAM](#), o 70% das axudas anunciadas ata 2019 para este fondo non eran en realidade doazóns, senón **créditos** –deses que en cooperación coñecemos de toda a vida–. Outra boa porcentaxe eran axudas con finalidade realmente non vinculada a obxectivos climáticos. O resultado é que só arredor da cuarta parte do comprometido –entre 19.000 e os 22.500 millóns– poderían considerarse realmente como doazóns climáticas.

España situábase entre os países que estaban por debaixo do compromiso adquirido. O presidente Sánchez acudiu a Glasgow co anuncio baixo o brazo de investir 1.350 millóns de euros a partir de 2025. Pero ata agora só o 33% son netamente doazóns climáticas non reembolsables.

Ademais, tal e como denunciaba Saleemul Huq, o [ODG](#) sinalaba que en Glasgow tampouco se habilitou o **“mecanismo de perdas e ganancias”** para os países que sofren e sufrirán de maneira máis desastrosa os impactos xerados polas emisións do Norte global.

FREAR A DEFORESTACIÓN

Un dos puntos que se quixo destacar entre os “non-compromisos” de Glasgow, é o acordo para frear a deforestación a partir de 2030. Inclúe un plan cun orzamento de 10.300 millóns de euros públicos, ademais duns outros 7.200 de investimento privado –que fai temer cousas como as que denunciaba Yvonne Yáñez–.

Este acordo substitúe á Declaración de New York de 2014, que se propuxera o obxectivo de reducir á metade a perda anual de bosques en 2020 e acadar a deforestación cero en 2030. Porén, [un informe da FAO](#) amosa que, entre 2015 e 2020, a redución da deforestación non pasou do 16%.

Por certo, que o goberno de Bolsonaro esperou pola finalización da COP para facer público o dato de que no último ano a Amazonía brasileira perdeu 13.235 km² de cobertura vexetal, a peor cifra dos últimos 15 anos.

Fíxose moita énfase en que, entre os 100 países que subscriben este acordó, se conseguiu sumar a Brasil. Pero non é tan raro se se pensa que un acordo para empezar a frear a deforestación a partir de 2030 é, en realidade, un permiso para seguir deforestando ata 2030, como mínimo. E, a cambio, a sinatura deste acordo pode servir á UE para calmar os receos da sociedade civil e algúns gobernos europeos á sinatura do tratado de comercio con Mercosur. Un tratado que ten como un dos seus principais fins o aumento de importacións europeas de carne, soia, etanol e cana, exactamente os cultivos que promoven a deforestación en Brasil.

Cando as potencias “históricas”, como EE.UU. e Europa, sinalan os países emerxentes como os culpables das emisións, debemos ter en conta esta **pegada externalizada das emisións do consumo europeo** na deforestación da Amazonía. Da mesma maneira que boa parte das emisións “das malas da película”, China



e India, débense a que son as fábricas dos nosos bens de consumo –e, en emisións per cápita, China ocupa o 43º posto e India está por debaixo da media global–.

Mentres, a presenza na COP dos pobos indíxenas que, segundo un [informe da propia FAO](#), xogan un papel fundamental na defensa dos bosques e outros ecosistemas naturais, segue reducida a simbolismos e fotos coloridas.

O DÍA DA MULLER NA COP26 SÓ FOI UN DÍA

Despois de máis de tres décadas de promoción da perspectiva de xénero no sistema da ONU, na web da cimeira, os datos sobre asistentes nas delegacións da COP26 non atoparemos unha información desagregada. Algúns medios cifraron nun 30% a participación de mulleres, aínda que esta proporción merma a medida que nos achegamos ao núcleo duro das negociacións.

O martes 9 foi o Día da muller na COP 26, un “pequeno paso adiante” máis. Unha xornada chea de eventos, conferencias, declaracións, actividades artísticas. Unha xornada con debates e reflexións sobre a fenda de xénero no impacto do cambio climático ou as refuxiadas climáticas, con presenza de mulleres indíxenas para visibilizar o seu papel na defensa dos territorios e bens naturais...

Pero unha xornada sen transcendencia política. Á hora da verdade, na Declaración final, que consta de 97 puntos debemos ir ata os puntos 91 e 95 para atopar formulacións tan xenéricas como:

“91. Insta ás partes a empezar rapidamente a aplicar o programa de traballo de Glasgow sobre acción para o empoderamento climático, respectando, promovendo e considerando as respectivas obrigas en materia de DDHH, así como a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres.

95. Anima ás partes a aumentar a participación plena, significativa e igualitaria das mulleres na acción climática e a garantir unha implementación e medios de aplicación sensibles ao xénero.”

UN FORMATO SOBRADAMENTE ERRÓNEO QUE É NECESARIO REFORMULAR

Segundo análise publicada pola cooperativa de xornalismo de investigación escocesa [The Ferret](#), as empresas seleccionadas como “principais socios” e patrocinadoras da COP26 (entre elas a multinacional enerxética escocesa SSE, ScottishPower/Iberdrola, Sky, Sainsbury's, Unilever, NatWest, National Grid, Microsoft, Hitachi, Reckitt, Jaguar Land Rover, Ikea y GlaxoSmithKline), emitiron case 350 millóns de toneladas de CO2 en 2020.

Mentres [The Courier](#) cifra en 119 millóns de euros o gasto do Goberno do Reino Unido para organizar a COP26, segundo [The Guardian](#), estes patrocinadores aportaron ao orzamento da cimeira un total de 296 millóns.

Outro informe realizado por Global Witness, [Hundreds of fossil fuel lobbyists flooding COP26 climate talks](#), sobre a listaxe de asistentes á COP destacaba que a delegación máis numerosa que participou no cumio non foi nin a chinesa nin a de EE.UU., senón



Manifestación en Glasgow durante a COP26

a dos *lobbys* da industria dos combustibles fósiles, con 503 asistentes..., ademais dos que figuraban nas delegacións oficiais de diferentes países como Canadá ou Rusia. Neste sentido lembraba que a OMS non tomou en serio a prohibición do tabaco ata que todos os representantes da industria tabacaleira foron excluídos das súas reunións.

Segundo o último informe filtrado do IPCC, para evitar rebasar o incremento de 1,5 graos habería que reducir as emisións a un ritmo anual acumulado do 7% de aquí a 2030. Os cambios que isto comporta son dunhas dimensións e a unha velocidade incompatibles coa dinámica actual das COP. Cantas máis serán necesarias antes de chegar á conclusión de que o que está fallando é o formato e a metodoloxía das COP?

Mentres, dentro, e sobre todo fóra da COP, quedanos a única esperanza da diplomacia da cidadanía activa e empoderada. A emerxencia climática e ecolóxica, non só require un gran esforzo de innovación tecnolóxica e enerxética, son necesarios tamén moitos avances na innovación democrática, aportando aire fresco ao ambiente pechado e cargado da política do século pasado.

E quedanos a tarefa de despregar novas estratexias e metas na cooperación solidaria coas organizacións, comunidades e movementos sociais do Sur Global para responder aos retos dunha ineludible transición ecosocial con xustiza global, camiño no que podemos aportar e, non obstante, sobre todo, aprender das experiencias e epistemoloxías emancipadoras, conectadas coa natureza, do Sur. 🌱



DONA'M CINE

Cine, Feminismos e Resistencias


Natalia Riera, Montse Benito, Yolanda Olmos

Entrepobos · Dona'm Cine

Fotograma de Cuidanderas

Este ano 2021 coa V edición de DONA'M CINE, concurso internacional de curtametraxes feministas, celebramos 10 anos de existencia. Cinco edicións realizadas e máis de 500 curtametraxes presentadas de máis de 20 países

Plataforma Web DONA'M CINE



Dende Entrepobos foi un enorme privilexio impulsar e formar parte desta comunidade. Significou unha aprendizaxe continua dende a primeira edición, na que non tiñamos apenas referentes de concursos online e as redes sociais acababan de nacer.

Neste camiño, o compromiso de todas as persoas e entidades colaboradoras foi crucial na difusión do concurso, chegando así a máis cineastas e colectivos feministas, aumentando a riqueza de miradas e tecendo relacións de acompañamento.

Non podemos esquecer que cando lanzamos esta V edición de DONA'M CINE, o mundo estaba en "emerxencia sanitaria" provocada pola pandemia da COVID-19, e que os seus impactos sumáronse aos xa provocados ao longo de décadas pola crise alimentaria, enerxética, dos coidados, crise económica e financeira, crise migratoria e de persoas refuxiadas, crise climática e ecolóxica. Por iso mesmo, nesta V edición, as temáticas a concurso continuaron enfocadas nos sentires, accións e valores dos feminismos diversos: transversalidade, interseccionalidade, sororidade, transformación ecosocial, resistencias creativas e crítica ao capitalismo e ao heteropatriarcado.

Nesta V edición 135 cineastas presentaron as súas obras producidas entre 2018 e 2021, reflectindo as diversas realidades de 17 países, entre os que se atopan: España, Chile, Arxentina, Perú,

Francia, Panamá, Bolivia, Nicaragua, Colombia, Honduras, Cuba, Andorra, Guatemala, Venezuela, Brasil, Ecuador e Suecia, sumándose así a esta aventura comprometida dende hai dez anos cos feminismos a través do cine.

Curtametraxes que transmiten as voces das mulleres a través da imaxe, cineastas aportando novas historias e diferentes prácticas de creación. O mundo non se pode comprender sen a diversidade de miradas das mulleres e dende todos os feminismos. Nun panorama audiovisual dominado polas visións androcéntricas, sexistas, racistas, capacitistas, facer cine é un acto de resistencia, de rebeldía, un acto político.

As 135 curtas presentadas nesta V edición, as finalmente seleccionadas (52), as finalistas (9) e as premiadas (3) conéctannos coas nosas avoas, as súas experiencias, as súas frustracións e loitas; tamén cos nosos corpos, os nosos praceres, territorios en perigo e baixo control. Fálannos de desexos profundos, das realidades vividas e as soñadas, a través dos diversos xéneros, as cineastas tanto amadoras como profesionais, aprópianse do relato, transforman los discursos dominantes e crean novos referentes.

DONA'M CINE foi concebido con ese propósito, ser unha plataforma de creatividade e cultura on-line, de construcións colectivas e de olladas feministas diversas, e de construción dun





espazo para facer visibles producións audiovisuais que non teñen cabida nos medios de comunicación convencionais.

As entidades colaboradoras desta V edición que nos acompañaron foron: Dones Visuals, FemArt, Ca la Dona, La Bonne – Centro de Cultura de Mujeres Francesca Bonnemaison, DEMUS Perú (Estudio para la Defensa de los Derechos de la Mujer), Instituto de Derechos Humanos de Cataluña, SICOM – Solidaridad y Comunicación, Zumzeig (Cine-Cooperativa) e, contamos co apoio da Axencia Catalá de Cooperación ao Desenvolvemento. Colaboradoras que volveron confiar en DONA'M CINE como un proxecto esencial para a transformación social feminista.

O pasado xoves 21 de outubro celebramos nos cines Zumzeig de Barcelona o acto de clausura e entrega de premios da V edición de DONA'M CINE, gala que se puido seguir en directo por streaming.

O acto estruturouse en tres partes, en primeiro lugar, proxectáronse as curtas finalistas, nove obras que foron moi ben valoradas polo xurado e o público e que son unha mostra dos diferentes xéneros presentes no concurso, a animación, o documental e a ficción. Nove curtas que nos interpelan dende as súas diversas temáticas e que son un exemplo de creatividade, feminismos e resistencias:

Una receta familiar de Lucía Paz (Arxentina), **Cultura de la delgadez** de Nina Marchi (Arxentina), **Bajo la cueva** de Gabriela del Pilar Koc Góngora (Perú), **Capturando el tiempo** de Itzel Sarmientos Roque (México), **Confinement rap** de Anna Maria Staiano (España), **Aleínad** de Daniela Cáceres López (Colombia), **Beef** de Ingrid Santos (España), **¿Cómo fue tu vida, abuela?** de Claudia Estrada (España) e **Yocuerpoterritorio** de Camila Silva (Brasil).

Seguidamente pasouse ao momento clave do evento coa entrega de premios desta V DONA'M CINE e a proxección das tres curtametraxes premiadas:

Premio do Público para **Memoria de les olvidades** de Marta Arjona, Maite Blasco e Raquel Rodríguez (España) cun total de 1.365 votos recibidos do total de 6.100 votos emitidos por parte do público. Esta curtametraxe experimental de vídeo danza está baseada en feitos reais. Rinde homenaxe ás mulleres que morreron no convento-prisión das Oblatas de Tarragona a causa das duras condicións carcerarias durante a represión franquista. Unha historia narrativa e audiovisual que dá voz ao noso pasado máis recente.

Premio Berta Cáceres para **Cuidanderas: Hermanas del Altiplano** de Gabriela Elena Arnal Sandía (Colombia). Premio que entregou Miriam Miranda, coordinadora xeral da Organización Fraternal Negra de Honduras (OFRANEH), e que camiñou xunto a Berta Cáceres durante anos.

Contamos coa participación de Judith Muñoz Saavedra, membro do xurado da IV edición de DONA'M CINE, académica, feminista e activista polos DDHH, que nos recordou a importancia deste premio na traxectoria de DONA'M CINE. Dende a terceira edición do concurso ponse o foco nas mulleres activistas e defensoras dos dereitos das mulleres, da súa colectividade e dos bens comúns da natureza, en tanto que a súa criminalización, é un fenómeno global en crecemento, con tendencias que se expresan en diferentes graos e contextos. O Premio Berta Cáceres consolídase unha edición máis, a través da curtametraxe gañadora nesta V edición, na que recoñecemos o espírito e a forza de Berta Cáceres.

Premio do Xurado para **Y tú tan feliz** de Penélope Fortunatti (Chile), entregado por dúas das cinco integrantes do xurado desta V edición, Carme Clavel, Heidi Ramírez, Teresa Sanz, Leticia Moy e Sílvia Subirós, destacando da curtametraxe a presentación visual do contido, que apunta á barbarie histórica do aborto clandestino das mulleres e o acontecemento da experiencia abortiva dunha muller actual.

O dereito das mulleres ao aborto libre e gratuíto é unha reivindicación transversal nos movementos feministas dende as súas orixes. Todas sabemos que a cuestión do aborto libre non está resolta en moitos países e segue sen estar totalmente resolta en ningún país.

A presentación do tema, tan antigo como importante, é moi orixinal, sae dos tratamentos tópicos e interpélanos a non esquecer, a telo sempre presente nas nosas loitas como síntoma da carencia de liberdade das mulleres, do dereito fundamental do propio corpo e como sinal fundamental, polo tanto, da pervivencia do dominio patriarcal.

Este acto de clausura e entrega de premios da V edición de DONA'M CINE pechaba unha etapa intensa de traballo, pero en palabras do comité organizador, supuña un *ata logo* coa ilusión e o convencemento de que, co noso compromiso cos feminismos, coas defensoras de DDHH e co cine con perspectiva feminista, permitíranos regresar cunha nova edición. 🧠🧠



PODES ATOPARNOS EN

ANDALUCÍA

■ C/ José M^a Moreno Galván, 18, Bl.K - 2º B
41003 Sevilla • T. 616 564 551

✉ ep.andalucia@entrepueblos.org

📘 Entrepueblos Andalucía

ASTURIAS

✉ ep.asturies@entrepueblos.org

CASTELA-A MANCHA

✉ ep.castillalamancha@entrepueblos.org

CASTELA-LEÓN

✉ ep.valladolid@entrepueblos.org

✉ ep.burgos@entrepueblos.org

✉ ep.zamora@entrepueblos.org

✉ ep.cyl@entrepueblos.org

✉ ep.palencia@entrepueblos.org

🌐 entrepueblosvalladolid.wordpress.com

📘 entrepueblosencastillayleon

🐦 @EntrepueblosV

CATALUNYA

■ C/ August 21, entl. 1a • 43003 Tarragona

■ C/ Raiers 13 • 25500 La Pobra de Segur (Lleida)

■ Av. Meridiana 32, ent. 2ª (esc. B)
08018 Barcelona

✉ penedes@entrepueblos.org

🌐 entrepoblespenedes.wordpress.com

🌐 entrepoblesbarcelona.wordpress.com

@EntrePobles_Tgn

📘 Entrepobles-Camp-de-Tarragona

📘 EntrepoblesPenedes

COMUNIDADE DE MADRID

✉ ep.madrid@entrepueblos.org

📘 EntrepueblosMadrid

EUSKAL HERRIA

✉ herriarte@gmail.com

ILLES BALEARS

■ C/ Carme, 6 • 07701 Maó (Menorca)

✉ mallorca@entrepueblos.org

📘 Entrepobles-Mallorca

LA RIOJA

■ Apdo. 1.327 • 26080 Logroño

PAÍS VALENCIA

■ C/ Sant Isidre 9 • 03803 Alcoi

■ C/ Venezuela 1 • 03610 Petrer

■ Paratge Sant Josep. C. Pipa 7
12600 Vall d'Uixó (Castelló)

■ C/ Lepant 7 • 03201 Elx

✉ paisvalencia@entrepueblos.org

✉ alacant@entrepueblos.org

🌐 entrepoblesalacant.wordpress.com

📘 EntrepoblesPaisValencia

REXIÓN DE MURCIA

✉ marcuba3@gmail.com

CONTRIBUCIONES ECONÓMICAS

IBAN (ES05) Triodos Bank (1491) Oficina (0001) Núm. c.c. (21-3000079938) • Avinguda Diagonal, 418, 08037 Barcelona

EntrePobos - BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Solicitud de ingreso como socio/a

Nome e apelidos

NIF *

Data de nacemento

Enderezo

C.P. Poboación

Teléfono Profesión

E-mail

Cota anual 76 € ó €

Se ten dificultades económicas pónase en contacto para flexibilizar tu contribución.

EntrePobos recomienda fixala no 0,7% do salario.

Orde de pago para a Entidade Bancaria

Banco / Caixa

NUMERO DE CUENTA - IBAN															
IBAN	ENTIDAD	SUCURSAL	D.C.	NÚM. CUENTA											

Prégolles que desde a presente pague os meus recibos que a ONG **EntrePobos** les presente al cobro con cargo a mi cuenta.

Nome e apelidos

Enderezo

C.P. Poboación

Sinatura

*NIF indispensable para a dedución do IRPF

Aviso legal: De acordo co *Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 ("RGPD")*, a Asociación Entrepueblos/Entrepobles/Entrepobos/Herriarte garante a confidencialidade e seguridade no tratamento dos datos de carácter persoal, que se usará só para formalizar o rexistro e recibir a información como socio/a e non será transferida a terceiros en ningún caso. Pódese exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través do noso enderezo postal (Avda. Meridiana 30-32, entl. 2o B • 08018 Barcelona)